

I CONCURSO DE PETISCOS “TOMA CASTAÑA” DO IES BREAMO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega, en colaboración co Equipo de Biblioteca e Vicedirección, convoca á comunidade educativa do IES Breamo a participar no I certame de petiscos “Toma castaña”, de acordo coas bases que a continuación se especifican.

BASES

1. Poderán participar no concurso **todos os membros da comunidade educativa** que así o desexaren. A participación é a título individual. Non se admitirán traballos colectivos.
2. O **prazo** de entrega será o día XXXXX.
3. **As elaboracións** poderán ser doces ou salgadas e o ingrediente principal deberá ser a **castaña**. Entregaranse acompañadas dunha tarxeta que indique os ingredientes e os alérxenos. Valorarase a calidade das elaboracións e tamén a orixinalidade na presentación.
4. A **entrega dos produtos** realizarase o día XXXX ás 08:30 horas, na **cafetería** do centro. Alí farase a inscrición e outorgaráselle un número a cada participante. Cada produto irá marcado unicamente cun adhesivo que indique o número de participación.
5. O **Xurado** estará composto por profesorado e/ou PAS do centro. Será o encargado de resolver calquera incidencia que puidese xurdir e poderá, no seu caso, declarar deserto o concurso se considerar que as elaboracións culinarias non teñen a calidade suficiente.
6. Establécense tres **categorías**: categoría A (alumnado de 1º, 2º e 3º de ESO), categoría B (alumnado de 4º de ESO e Bacharelato) e categoría C (persoal docente e non docente).
7. Haberá un **premio** en cada categoría (**un vale de 10 euros para a cafetería**). No caso de que algunha das categorías non acade premio por falta de participación ou calidade dos traballos presentados, poderá adxudicarse un segundo premio a outra categoría.
8. O resultado do concurso será comunicado directamente ás persoas interesadas despois do fallo do xurado.
9. A participación neste concurso supón a aceptación das presentes bases.